

I FESTA DA NARRACIÓN ORAL



I XORNADA SOBRE A ORALIDADE PARA EDUCADORAS E EDUCADORES

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

Salón de actos da Casa da Cultura de Arca - O Pino (A Coruña).

DESTINATARIOS:

Docentes do ensino público e concertado.

XUSTIFICACIÓN:

A escola como xeradora de coñecemento, que toma da contorna elementos para a construción da aprendizaxe, ten na tradición oral unha gran fonte de coñecemento, historia e goce. Constitúe, ademais, unha oportunidade única para ser punto de partida de actividades e experiencias de expresión.

Móstrase así como un espazo idóneo na tarefa de desenvolver sistemática e naturalmente a lingua falada, consciente e responsable de que, sendo esta a primeira que utiliza o individuo na configuración do seu pensamento, na organización do seu saber e na súa imaxinación, é preciso desenvolver unha didáctica específica da expresión oral.

A escola, que traballa coa linguaxe, como medio de comunicación social pero tamén instrumento privilexiado para ordenar a información e o pensamento, debe favorecer o proceso, enriquecer a competencia do alumnado na produción, escoita e creación lingüística, consciente de que o dominio da lingua oral constitúe unha necesidade, ademais, para acceder á aprendizaxe do resto das materias do currículo.

Paralelamente, este desenvolvemento de competencias comunicativas, responderá á necesidade lúdica, tamén no campo lingüístico, dos nenos e nenas, aproveitando a súa capacidade globalizadora, creativa e fantástica para a inmersión no mundo literario, para proporcionarlles canles e solucións ás súas necesidades proxectivas e catárticas, para a liberación de tensións e problemas con unha das realidades máis enraizadas nel@s e no seu medio como é a lingua.

A maxia dos contos orais, tomados da tradición popular ou creados para a ocasión, o goce coa escoita, o pracer da creación de historias, promovendo a máxima implicación persoal con textos vivos, suxestivos e creativos deben estar presentes no quefacer diario das aulas tamén como fonte de coñecemento e integración no medio cultural e social e traballo nas competencias socioemocionais d@s nos@s alumn@s.

Dúas maneiras de intercambio e oportunidade para o desenvolvemento de capacidades. Dúas maneiras de gozar a través da palabra. Contar e escoitar historias.

OBXECTIVOS:

1. Facilitar a reflexión teórica e práctica na arte de crear e contar historias.
2. Coñecer, recuperar e recrear formas tradicionais da narración oral.
3. Desenvolver recursos para a aprendizaxe creativa da lingua oral.
4. Favorecer o deseño de ambientes e propostas estimuladoras a partir do coñecemento de recursos motivadores que nimen e predispoñan á expresión espontánea e creativa do alumnado.
5. Contribuír á xeración de espazos e tempos na escola que faciliten gozar da escoita e creación de narracións orais.

PRAZAS:

50 prazas para a actividade de formación do profesorado.

PROGRAMA

Sábado, 7 de xullo:

09.00 h.

09.30 h. Recepción e entrega de documentación.

09.30 h.

10.00 h. Presentación da actividade de formación.
Coordinador/a xeral da Xornada.
Presidente do Colectivo Tatalo.

10.00 h.

11.50 h. Obradoiro 1. *A oralidade na aula.*

Relatora:

Iolanda Aldrei, profesora no CP Ide Bembibre (Val do Dubra) e contacontos.

12.10 h.

14.00 h. Obradoiro 2. *Introdución ás técnicas de ilustración dos contos.*
A súa utilidade didáctica.

Relatores:

Xosé Cobas, ilustrador e deseñador gráfico.

16.00 h.

17.15 h. Conferencia 1. *As mil e unha ventás.*

Relator:

Cándido Pazó, contacontos.

17.30 h.

18.45 h. Conferencia 2. *Aqueles contos non eran ningún conto.*

Relator:

Xabier P. Docampo, mestre e escritor.

19.00 h.

22.00 h. Participación dos asistentes que o desexen na
I FESTA DA NARRACIÓN ORAL DO PINO

Interveñen:

Carlos Blanco

Paula Carballeira

Cándido Pazó

Iolanda Aldrei

Xabier P. Docampo

Actuación musical:

Ugia Pedreira

22.30 h.

02.30 h.

Participación dos asistentes que o desexen na sesións de contacontos nos bares de Arca, animadas por:

Paula Carballeira

Miguel de Lira

Pepa Yáñez

Pepe Penabade

En trámite a homologación da actividade, por un total de 8 horas, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

COTAS DE INSCRIPCIÓN E MATRICULA

Ata o 28 de xuño de 2007:

Socios/as do Colectivo Tatalo e de Nova Escola Galega: 10 euros.
Non empregados/as: 10 euros (é precisa xustificación documental).
Cota ordinaria: 15 euros.

A partir do 29 de xuño de 2007:

Socios/as do Colectivo Tatalo e de Nova Escola Galega: 15 euros.
Non empregados/as: 15 euros (é precisa xustificación documental).
Cota ordinaria: 20 euros.

Transferencia bancaria a BANESTO

nº de conta: 0030 – 6149 – 15 – 0298019273

É posible solicitar axuda económica para a asistencia a esta actividade de formación, segundo a Orde do 19 de decembro de 2006 (DOG de 26 de decembro de 2006).

CONTACTOS:

Nova Escola Galega
Apdo. 586 – Santiago de Compostela
neg@mun-do-r.com
Tfno/Fax 981.56.25.77

Colectivo Tatalo
www.contocho.eu

Organizan:

TATALO
colectivo



Patrocinan / colaboran:



CPI Camiño de Santiago